

Santiago, Galicia, Sertão: signos, analoxías, emblemas*

Jerusa Pires Ferreira

En calquera folleto de información xeral ou turística, encóntanse datos sobre a importancia que tivo e téñ no mundo occidental a cidade de Santiago de Compostela. Neles adóitase sinalar a confluencia dos símbolos (e signos) xeográficos cos teolóxicos. A partir da predicación do apóstolo, da súa nao arribando á costa galega, como se conta, creouse un santuario que, máis tarde daría lugar á esplendorosa catedral. Esta noticia fixo que as xentes de Europa acudisen como peregrinos. Baluarte da «fe cristiá» o santuario representaría a resistencia ós musulmáns e naturalmente ós xudeos, concentrou loitas polo exterminio das herexías, abrigou o brazo forte da opresión como nos suxire Buñuel na súa *Vía Láctea* ou o *Estraño camiño de Santiago*. Mil anos despois, vive a cidade o seu esplendor e espella os misterios e a vitalidade dun país tan específico e caracterizado como encantadoramente universal. Moitos mitos condúcennos ata alí. Confeso que ó chegar, nun domingo á tarde, entregue ó son dos sinos e á chuvia cortante espertaría en min aquel temor recóndito que habita en todos nós.

A Galicia téñ para nós unha significación moi especial, e no caso de Bahía, a miña terra, debido ó grande continxente de inmigrantes, ten unha forza que encontra paralelo no fenómeno do establecemento de galegos no Cono Sur, en Montevideo e Bos Aires, por exemplo, salvadas as debidas proporcións culturais.

Pensando na Literatura brasileira contemporánea, ocórreseme lembrar que temos na lingua galega un patrimonio común. Resoa, en certa medida, o eco dos nosos cancioneros medievais, a lingua dos trovadores, o forte acento popular que sería recollido polo seus escritores e poetas contemporáneos como a marca en especial da relación popular-erudito, nun contínuo. O «xénero» cantiga de amigo galaico-portuguesa foi, de varios modos e, en diferentes momentos, retomada por algúns dos nosos poetas e escritores contemporáneos. Manuel Bandeira, nunha utilización paródica:¹

(*) Traducción de Miguel-Anxo Seixas Seoane.

1. Manuel Bandeira, «Cossante», *Lira dos cinquenta anos. Obra poética*, Rio: Aguilar, 1958, vol. 1.

Ondas da praia onde vos vi
Olhos verdes sem dó de mim
Ai Avatlântica!
Ondas da praia onde morais
Olhos verdes intersexuais
Ai Avatlântica!
(...)

Ou como faría Cecília Meireles, nun ton choroso, veciña do territorio da morte ó compor os seus últimos poemas, neste «Cantar de vero amor»²:

Assim aos poucos vai sendo levada
a tua amiga, a tua amada
E assim de longe ouvirás a cantiga
da tua amada, da tua amiga
(...)

Temos presente noutro caso, o resón da poesía contemporánea de Galicia, a propia expresión poética que, reunindo tódolos visos dunha medievalidade conservada á dicción melancólica e nocturna, levaría ó poeta bahiano Godofredo Filho, nacido nos Sertão de Bahía a escribir poemas en galego³. É máis, a dicir que se sentía perfectamente a vontade escribindo en galego, tocado polos elementos que tanto caracterizan a esta terra como á súa literatura:

Qu'enriba dos meus cabelos
a néboa calma alcendía
i-a noite feita de música
no fonal tremalocia

ou noutro poema:

Pero xa chove silencio
do fulgor da lua amada
Sobre Santiago de frores
i auga de estrelas mollada⁴

É interesante que remexendo recentemente polas librerías de Compostela, atopase un estudio de autor galego titulado *A galecidade na obra de Guimarães Rosa*⁵, cun prefacio de Paulo Ronai, e que seguindo as pistas do gaúcho Guilhermino Cesar,

2. Cecília Mireles, «Cantar de Vero Amor», *Inéditos. Obra poética*, Rio: Aguilar, 1967, p. 853.

3. J.P.F., «Os Poemas Galegos de Godofredo Filho -poeta da Bahia», *Revista Ocidente*, Lisboa 1970, vol. LXXVIII, pp. 23-38.

4. Godofredo Filho, «Musa Galega», *Irmã Poessia*, Rio: Tempo Brasileiro, 1986, pp. 173-180; J.P.F., «Noturna Musa Galega», *Suplemento de cultura. A Tarde*, 12-6-93.

5. Valentín Paz Andrade, *A galecidade na obra de Guimarães Rosa*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1978.

fálanos de analoxías co mundo galego, retomada de valores esquecidos, de linguaxes arcaizantes, que aproximan ós dous mundos, como a palabra «chirimía», por exemplo.

Outra cousa a lembrar é como a lingua e cultura galegas teñen resistido a varios fogos cruzados: ó castelán institucionalizado, que sempre tivo ó seu favor os medios de comunicación e á opresión política; cumprindo así o seu papel de obstáculo ó franquismo, mantendo aínda, na dispersión polo mundo, unha forte identidade, en vez de esfarelarse. Como instrumento cultural dun pobo en plena modernización, tense afirmado neste colvulso final do século XX. Ogallá consiga manterse na súa peculiaridade, nunha integración ó contexto hispánico, rexeitando nacionalismos estreitos e limitadores, deixando aberta a man dupla entre o autóctono e o universal.

Ora, hai moito anos, precisamente no 1983, Regis Bonvicino⁶, daquela aínda un mozo poeta de São Paulo, escribiu un poema que reúne, asemade, pasado e futuro, confirma e alerta. Empregando a referencia ós Beatles, que resoa na canción brasileira de Roberto e Erasmo Carlos «querem acabar comigo/isso eu não vou deixar», cruza a idea da noticia do aviso ou do «procúrase» nun exitoso poema gráfico:

do noticiário

me	Grial-Revista Galega de Cultura, que se edita em VIGO (Galiza, Espanha),	nina a lín
gua de	sob a direção de Xosé Landeira Yrago, estampa	seu a
migo	em seu último número	corre pe
rigo	artigo intitulado «Ollando Constituições: As Línguas Minoritárias», de Cláudio	peça so
corro	G. Pérez. A questão é atual não só na Espanha	cha
me	como em toda a Europa (e vai ser colocada, em	john paul george
e ringo	breve, na Africa, na Asia e na América Latina), re-	
ondas do	lacionando-se com os mo-	mar de
vigo	vimentos separatistas. Pérez afirma, ao analisar	
querem a	a situação espanhola, que a Constituição de 1978	cabar
co	adotou o castelhano co-	
	mo IDIOMA OFICIAL e	

6. Regis Bonvicino, *Sósia da Cópia*, São Paulo: edição do autor, 1983.

cita um decreto real que desde 1902 proibiu as falas autóctones minoritárias na rede de escolas do poder central com a explicação de que «não é possível nem se considera justo exigir de um mestre, migo que estudou em castelhano, que aprenda os dialetos para lecionar em território espanhol.

Noutras palabras, ¿que é o que fai que os poetas brasileiros se vinculen de forma tan ducidida á idea de Galicia? ¿Por que teñen tanta presenza os principais signos que tamén dan conta de elementos pintorescos e que se difunden na información corrente?

Aparecen aqueles mesmos que, nunha aventura aparentemente circunstancial, celebrou García Lorca nos seus poemas galegos⁷: a chuva, o santuario, o vento que «muxe como unha vaca» (e despois ¡as caixas de polvo do pobre Ramón de Sismundi!).

Esta marca inequívoca pasa para dous dos nosos maiores poetas brasileiros contemporáneos. Tanto Murilo Mendes como João Cabral de Mello Neto, tan ligados a España en todo, como se sabe, incluíron a Galicia nos seus repertorios. Murilo que nos deixou o seu *Tempo Espanhol*, especie de mitoloxía completa dos obxectos, sexa o touro de vimbio ou a tesoura de Toledo, non escapou ó sortilexio compostelán:

Santiago de Compostela é certamente um dos lugares onde não só se recebe o impacto do mito, mas onde se pode também constatar sua verdade.

E así, compara, nun paseo que fai por esta cidade, o caldo galego que provou a unha especie de cociña primordial, que dá ós homes a súa verdadeira dimensión, evocando a terra de Minas Gerais⁸.

No tocante á João Cabral, sevillano de profesión, encontraría en Galicia un motivo que o levou, máis dunha vez, ó confrontamento das terras hispánicas co sertão. Ofrecenos a poética da chuva do Sertão, e en poemas que titula *Chuvas*⁹ dános, en analoxía e oposición: «Mas na Galícia a chuva, de tanta se descuro/Cai de todos os lados, e inclusive de Baixo», e conclúe, atando moi ben os dous símbolos de Galicia, o seu propio ambiente: «A chuva na Galícia/ é a chuva de Rosalia», lembrando nas vocais a asonancia dos romanceiros.

7. Federico García Lorca, *Seis poemas gallegos. Obra completa*, Rio: Aguilar, 1963.

8. «Santiago de Compostela», inédito de Murilo Mendes, publicado en *A folha de São Paulo, Caderno Mais*, 14-3-93.

9. João Cabral de Melo Neto, «Chuvas», *Terceira Feira*, Rio: Edición do autor, 1961, pp. 64-66.

Pola súa parte, Cecília Meireles, en *Retrato Natural*, ofrécenos naquel diapasón lírico, o poema *Caminho*¹⁰, que fala do Camiño de Santiago, dura ruta que ela utiliza como metáfora da vida:

Mesmo o apóstolo em silêncio, em silêncio, deixa passarem as sombras,
pequenas formas do vento/.../levo mãos em vez de conchas, mãos pacientes.

Reffrese ás cunchas de vieira, e iconiza máis explicitamente xuntando o chapeo da obediencia, a estrela no ceo, os sinos que alí tanxen a todas horas, ós que ela se refere como redomas de bronce:

Quando meu sangue for poeira
então apóstolo, paro

Na súa relixiosidade diáfana, realiza a peregrinación, captando os emblemas, as sombras, as formas do vento, a evocación da maga Rosalía de Castro.

Parece que todo isto reúnese, símbolos da cultura en si, ós repasados pola literatura que os recreou, intermitentes. Nuns e noutros está o misterio dunha lingua tan próxima á nosa de hoxe, pero asemade tan outra, soándonos como un medio que non estivese aínda desgastado polos usos corrientes da comunicación.

Trátase de algo primordial, sonoridade que ven de moi lonxe, de dentro dos nosos *sertões*.

A semiosfera galega

Por asociación ós concepto de biosfera do mundo natural, o semiótico ruso Iuri Lotman¹¹ fala da noción de *semiosfera*. Dinos que a cultura se organiza en forma de espacio/tempo e non pode existir fóra diso. A organización cultural é concibida na forma dunha semiosfera, e as representacións danse no dominio dos obxectos que significan, simbolizan e indican. Di que se poderá así falar dunha xerarquía como así mesmo dun espacio da ética, da cor, do mito. Estamos diante de espazos simbólicos, lembrando que hai unha viaxe xeográfica como un movemento nun sentido relixioso ou moral. Apúntanos toda unha tipoloxía de lugares considerados como santos ou heréticos, e lémbraos como na literatura medieval se encontra unha asociación entre a perfección do lugar e o clima, e como é imprescindible comparar a elección dun lugar á súa propia xeografía. En Galicia a santidad vincúlase á auga, o corpo do apóstolo que chegou pola auga, ás rías que fertilizan as terras, á chuva, á brétema. Resulta interesante o feito de que, ó tratar dos poemas galegos de Godofredo Filho, botei man da semántica estrutural de Ullmann, e vin alí como se ordenan constelacións de significados nos que a auga, a luz, o claroescuro están asociados a elementos anímicos: «na ría da i-alma se desfai» ... «forlepas de lus liqueda vertida» e outros tantos exemplos. Agora ó tratar semioticamente estes

10. Cecília Meireles, «Caminho», *Retrato Natural. Obra poética*, Rio: Aguilar, 1967, pp. 395-396.

11. V. Iuri Lotman, *Universe of the Mind*, London: Taurus, 1990.

elementos cara a unha visión da tipoloxía da cultura, inscribíndose o rexional ó universal, continuamos a ver que os indicadores da auga son a base: chuvia, barca, cunchas de vieira nas que hai unha relación permanente de signos culturais cos naturais, a pedra, a terra, o camiño, os peregrinos.

Retomando a Lotman, consideramos o seguinte: a humanidade inmersa no seu espacio cultural crea decote ó seu redor unha esfera espacial de significacións organizadas. A evocación de Galicia e, máis concretamente, de Santiago na Literatura fainos pensar nunha semiosfera asentada en signos perennes, no arraigamento étnico (a condición de *finis terrae*) e nos signos da mobilidade como a peregrinación, a emigración, a conversión.

A literatura de Rosalía de Castro, por exemplo, encárgase de captar e difundir os elementos desta semiosfera galega na súa plenitude.

Jerusa Pires Ferreira
Universidade de São Paulo